

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE PRAZAS E FUNCIONAMENTO DO BRINCANADAL 2022-2023

Artigo 1. Obxecto

Estas normas teñen por obxecto regular a convocatoria de prazas e o funcionamento do servizo de campamento Nadal 2022-2023 para menores de idade no concello da Baña dende o 23 de decembro ata o 5 de xaneiro.

Artigo 2. Definición do programa

O campamento de Nadal é un servizo que ten a función de ofrecerlles ás crianzas un espazo onde participar de actividades de carácter lúdico, social e educativo.

Está dirixido a menores escolarizados entre os 3 e 13 anos de idade, durante os días laborais que van do 23 de decembro ao 5 de xaneiro, ambos os dous incluídos coincidindo coas vacacións de Nadal das crianzas.

Artigo 3. Persoas destinatarias. Características das persoas usuarias

Enténdense como persoas usuarias do servizo as/os responsables das rapazas e rapaces (persoa ou persoas que teñan atribuída a patria potestade, tutela ou representación legal, de acordo co Código civil e normativa complementaria) e os propios menores.

Artigo 4. Dereitos e obrigas das persoas usuarias

Son dereitos dos usuarios e usuarias do programa de actividades e de quen posúa a súa patria potestade:

- O acceso ao programa sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, incluído calquera tipo de diversidade funcional.
- A dignidade persoal, tanto por parte do persoal, como dos demais usuarios.
- Ser tratados con respecto e tolerancia baseados nos principios de igualdade e convivencia democrática.
- O sigilo profesional sobre os datos do seu historial persoal, sanitario, socioeconómico e familiar ao abeiro da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Deixar de asistir aos servizo por vontade propia.
- Ser informados, de xeito comprensible, das normas básicas de convivencia, hixiene e respecto mutuo e aos demais.

Son obrigas dos usuarios e usuarias do programa de actividades de conciliación e de quen posúa a súa patria potestade:

- Cumprir o regulamento e demais disposicións legais vixentes.

- Cumprir os trámites, prazos e requisitos necesarios para o uso do servizo.
- Estar ao día no pagamento dos servizos ofertados polo Concello da Baña. A existencia de débeda suporá a non admisión no servizo, a excepción dos casos concretos informados polos Servizos Sociais Municipais considerados de emerxencia social.
- Comunicar a baixa cando proceda.
- Responsabilizarse daquelas situacións en que por motivos de saúde e malestar, sexa necesario a recollida do menor usuario dos servizos.
- Deberase presentar informes médicos actualizados segundo estes lles sexan requiridos desde o Concello. En ningún caso se lle dará un trato especial a un usuario/a sen o informe médico que o recomende e xustifique. Se un menor ten que medicarse durante o desenvolvemento do programa, deberá traer o medicamento e unha autorización asinada polo pai, nai ou titores, e un informe médico no que se especifique a dose e o momento no que haberá que administralo. En ningún caso un monitor/a lles administrará un medicamento aos menores sen a autorización por escrito asinada polo pai, nai ou polo seu titor/a e un informe médico.
- Non poderán asistir os/as usuarios/as con febre, (38º rectal, 37,5º bucal, 37,2º axilar), diarrea, vómitos, ou enfermidades contaxiosas, (rubéola, papeiras, sarampelo, lombrigas, gastroenterite vírica, gripe, varicela, etc.). De aparecerlle calquera síntoma das enfermidades anteriores, así como de piollos, será posto en coñecemento dos pais/nais/titor/a para que recollan o seu fillo/a.
- Os rapaces e rapazas deberán asistir ao campamento portados do seu DNI e a tarxeta sanitaria.

Artigo 5. Estrutura do servizo

O servizo está dirixido aos nenos e nenas do Concello da Baña que teñan entre 3 e 13 anos de idade, e estean escolarizados.

O campamento de nadal oferta 20 prazas para os nenos e nenas que cumpran os requisitos de admisión. Este servizo desenvolverase no local social de San Vincenzo.

As actividades levadas a cabo serán de índole educativa e cultural, fomentarán o fortalecemento de valores como a solidariedade, a confianza, a cooperación; así como o respecto persoal e colectivo. Todo isto acompañado de actividades que promovan o completo desenvolvemento da crianza.

Artigo 6. Inscripción

Establecerase un prazo de inscrición dende a publicación da convocatoria ata o 16 de decembro. Todas as solicitudes presentadas fóra de prazo irán a unha listaxe de agarda.

As solicitudes deberán ser asinadas pola nai, pai ou titor/a legal do menor e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Consideraranse admitidos/as todos/as aqueles/as que cumprindo o requisito da idade, acheguen a documentación necesaria e aboem as taxas.

Documentación:

Esta solicitude deberá vir acompañada dos documentos seguintes:

- A fotocopia do documento de identidade do/a menor
- A fotocopia do documento de identidade da persoa titular da conta
- De ser o caso, o informe médico que acredite calquera tipo de tratamento especial.
- Tarxeta sanitaria

Artigo 7. Prezos públicos

As cotas serán aplicadas de acordo co determinado na correspondente ordenanza fiscal do ano 2012. Os/as usuarios/as realizarán o pagamento do servizo unha vez publicada a listaxe de admitidos e nun prazo de 7 días.

Pagamento con base na ordenanza:

CENSADOS		NON CENSADOS	
1º fillo	25€	1º fillo	50€
2º fillo	20€	2º fillo	40€
3º fillo	15€	3º fillo	25€

Artigo 8. Criterios de valoración, lista definitiva de admitidos e listaxe de agarda.

Condições para solicitar o servizo:

- Prioridade 1: As crianzas para os que se solicita o programa deberán pertencer a unha unidade familiar empadroada na súa totalidade no Concello da Baña, no momento da publicación da convocatoria e no seu defecto o pai, nai ou titor/a legal e o/a menor para o que se solicita a praza.
- Prioridade 2: Menores que sexan fillos/as do persoal que presta servizo no Concello da Baña.
- Prioridade 3: Crianzas non censadas no municipio
- Que a unidade familiar estea ao día no pagamento de todos os servizos ofertados polo Concello da Baña, e en xeral, non ter débedas co Concello, a excepción dos casos informados polos Servizos Sociais Municipais como Emerxencia Social.

Publicarase a lista definitiva de admitidos/as nas oficinas municipais do Concello, e na web. De non existir ningunha reclamación as prazas quedarían oficialmente concedidas aos usuarios desa listaxe.

No caso de que as inscricións presentadas dentro do prazo sinalado excedan as prazas dispoñibles para suposto de menores censados no municipio, efectuarase un sorteo público para determinar a lista de usuarios do servizo, e pasarán as persoas excluídas a integrar unha listaxe de agarda.

No caso da necesidade de realizar o sorteo para cubrir as prazas do servizo, as solicitudes de irmáns/as irán xuntos. Os casos de emerxencia social debidamente acreditados polos Servizos Sociais do Concello da Baña terán preferencia para entrar no programa.

Todas as inscricións presentadas fóra de prazo producirán a entrada do/a menor na listaxe de agarda correspondente a continuación das presentadas dentro do prazo.

Artigo 9. Persoal municipal e persoal contratado para a prestación do servizo de campamento de verán

O persoal municipal responsable do programa, encargarse da valoración e o deseño das características da prestación do servizo e serán os/as responsables da súa supervisión. Polo tanto, establecerase unha coordinación periódica entre o persoal municipal e o persoal técnico da empresa.

O servizo inclúe as accións que se relacionan a continuación e que deberán diferenciarse en función da crianza; estas estarán a cargo do monitorado:

- Garantir hábitos de hixiene.
- Realizar o seguimento especial a rapazada ou con dificultades.
- Planificar e realizar actividades lúdico-educativas.
- Manter o vínculo coas familias e informarles así como ao Concello das incidencias que se produzan.
- Custodiar a documentación persoal das persoas usuarias do servizo.
- Deixar recollidas as instalacións, o mobiliario e os utensilios usados limpos, así como os espazos utilizados para a realización de actividades complementarias.
- Facilitarlles aos responsables municipais toda a documentación que sexa requirida para o desenvolvemento dos servizos.
- Realizar as demais funcións que se lle atribúa desde o Concello para o seu correcto funcionamento.

Artigo 10. Finalización da prestación do servizo e supostos extraordinarios

Serán causas de baixa nos servizos:

- Incumprimento dos requisitos establecidos.

- A solicitude da persoa responsable do menor.
- A comprobación da falsidade nos documentos ou datos achegados, con independencia das infraccións administrativas e/ou penais que a devandita conduta constituía.
- A falta de pagamento das cotas establecidas
- O Concello da Baña resérvase o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva do servizo aos menores que se comporten de forma incorrecta ou cuxos responsables non respecten as normas de funcionamento do mesmo.